

## UNHA APROXIMACIÓN ETNOHISTÓRICA AO ROL DAS MULLERES NO PROCESO DE TRANSMISIÓN ORAL NA MÚSICA TRADICIONAL.

### AN ETHNOHISTORICAL APPROACH TO THE ROLE OF WOMEN IN THE PROCESS OF ORAL TRANSMISSION IN TRADITIONAL MUSIC.

Manuel Rodríguez Alarcón  
[manura2celta@outlook.com](mailto:manura2celta@outlook.com)

**Resumo:** No seguinte traballo presentarase unha breve investigación sobre a importancia da perspectiva de xénero e da figura da muller dentro da música tradicional galega. Para elaboralo traballamos con referencias bibliográficas e entrevistas que suplen a escasa información publicada. Deste xeito, os nosos resultados apóianse directamente nas vivencias e experiencias das investigadoras. Os resultados obtidos mostran como as mulleres galegas son depositarias dunha rica herdanza cultural e histórica, e o seu recoñecemento e empoderamento son claves para o futuro de Galicia.

**Abstract:** In this research, we aim to shed light on the significance of gender perspective and the role of women in Galician traditional music. To achieve this, we have consulted bibliographic references and conducted interviews to supplement the limited published information available. Consequently, our findings are firmly rooted in the experiences and insights of the researchers themselves. The results obtained demonstrate that Galician women are custodians of a rich cultural and historical heritage, and their recognition and empowerment are crucial for the future of Galicia.

**Palabras chave:** Tradición, feminismo, oralidade, cultura, historia, transmisión.

## 1. Introducción

O punto de partida deste traballo, e a nosa premisa principal, é a necesidade de salvagarda do patrimonio inmaterial relacionado coa música tradicional. “Es un hecho, por lo general conocido, que la música popular está disminuyendo, aun se está perdiendo. Este proceso es inexorable... Entonces, no hay sino una sola tarea: recoger cuanto más sea posible”<sup>1</sup>.

Oralidade, cultural, transmisión oral e música tradicional, son termos básicos que caracterizan á sociedade rural galega e sobre os que versará este documento, partindo sempre dende unha perspectiva de xénero onde a muller é o eixo vertebrador do traballo.

Este proxecto xorde por dous motivos principais. O primeiro é elevar a importancia que ten a cultura e o proceso da memoria e transmisión oral como eixo fundamental de coñecemento da gran maioría de elementos etnohistóricos do noso país, xa sexan festividades, tradicións, ou incluso figuras históricas. E o segundo, propoñer una maior academización da tradición galega. Este proxecto tamén se presenta co obxectivo de abordar desde unha nova dimensión a figura da muller de enorme importancia na cultura e historia galegas que é un pilar fundamental para poder entender a totalidade do imaxinario do noso país.

### Estado da cuestión

---

Se facemos unha revisión de todas aquelas publicacións relacionadas con todo o proceso de transmisión oral, oralidade e tradicionalidade no ámbito da Galiza rural das últimas décadas do pasado século, xa sexan en físico ou noutro tipo de formatos, veremos que é unha temática pouco traballada dende a perspectiva que a queremos enfocar. Se ben é certo que hai cada vez máis estudos sobre o papel das mulleres na historia, o enfoque que pretende este traballo é de explorar a perspectiva da música tradicional galega e, concretamente, o proceso de transmisión oral.

Algúns traballos fan un amplo percorrido sobre todos os aspectos relacionados coa oralidade, a historia e a cultura e tradicións galegas dende a perspectiva de numerosas figuras especializadas en diferentes campos, como é o caso das *Actas I, II e III. Encuentros o Son da Memoria* (2004), publicado polo Consello de Cultura Galega. Destacar tamén a recente publicación de *Concha de Lameda. A vida nunha cantiga* (2022), de Xerardo Fernández Santomé, onde se dá a coñecer a temática da oralidade e a importancia da figura da muller na historia e cultura galegas dende a perspectiva desta muller e do propio autor.

No ámbito da investigación atopámonos con algúns artigos e TFG relacionados, por exemplo, os artigos publicado por Carme López *Perspectiva de xénero na tradición galega: O rol feminino na música de tradición oral* (2021a); ou *Roles de género en la música tradicional gallega de la tradición a la actualidad: Análisis y posibilidades didácticas*, (2022). Estes artigos tratan o concepto de historia, cultura e oralidade dende a perspectiva de xénero coa fin de destacar a enorme importancia da muller no desenvolvemento da cultura galega. A maiores, tamén existen dous TFG que versan sobre esta temática: *La evolución del folclore gallego desde 1900 hasta nuestros días* (Méndez, 2022); ou *Las pandereteiras en Galicia y su protagonismo en el mundo rural* (Siebert-Sío, 2023). Estes traballos fan unha síntese xeral da evolución do folclore

tradicional e como todo isto afectou á forma de comprender e traballar a historia social e cultural galega.

## 2. Obxectivos

Os nosos obxectivos xerais son:

1. Dar visibilidade á cultura e música tradicional galega, así como ao traballo de campo no ámbito académico, como unha parte moi importante da historia do país.
2. Poñer en valor a figura das mulleres no proceso de memoria histórica da Galiza do

s.XIX e S.XX como xérmolo do feminismo rural e tan particular do noso país.

3. Estudar a importancia da **memoria**, entendida tanto como ferramenta de transmisión e como concepto ideolóxico, como elemento fundamental para a conservación da tradición e a historia.

4. Incidir na importancia dun estudo máis amplo da cultura galega onde a música, transmisión oral e historia social son piares fundamentais dos fogares galegos da historia recente.

Os obxectivos específicos no traballo son:

1. Realizar unha recompilación e análise bibliográfica existente sobre a figura das diferentes mulleres que se van estudar no proceso (Concha de Luneda, Pandereteiras de Toutón) e, tamén, enfocala dende unha perspectiva teórica da idea do feminismo no século XX e na actualidade, todo elo dende unha perspectiva etnohistórica.

2. Recuperar información sobre a historia da muller rural galega a través da revisión de entrevistas de campo xa realizadas e complementala con novo traballo de campo con entrevistas a algunhas das protagonistas do traballo.

3. Obter unha serie de conclusións sobre a relevancia da figura feminina na historia social, na historia da vida rural galega e no proceso de transmisión oral, tanto de costumes e tradicións, como de material fundamental para a historia musical de Galiza.

Todos estes obxectivos teñen como finalidade reactivar a importancia dun estudo máis xeralizado e promover un proceso de recuperación da cultura galega, onde a música e historia oral son piares fundamentais dos núcleos familiares galegos da historia contemporánea, una

historia que progresivamente estamos a perder e que precisa de investigación e traballo para poder recuperala.

### **3. Metodoloxía**

Para a realización deste traballo empregáronse principalmente dúas metodoloxías ben diferenciadas.

1. Revisión de fontes documentais secundarias (bibliográficas e doutros tipos).
2. Realización de traballo de campo etnográfico, e máis concretamente, o deseño e realización de entrevistas estruturadas.

O criterio de busca das fontes documentais resumíuse en dúas temáticas diferenciadas; por unha parte, todas aquelas publicacións relacionadas coa oralidade e cultura tradicional galega, e por outra parte, aquelas publicacións relacionadas coa temática do feminismo e perspectiva de xénero.

No caso das entrevistas, por unha banda, accedemos de xeito indirecto a entrevistas xa realizadas, e por outra banda, fixemos outras novas.

A través de diversas vías, conseguimos entrevistas realizadas anteriormente en traballos de recollida das décadas dos oitenta, noventa e dous mil. Xa sexa a través de páxinas web como o arquivo de Alan Lomax ou o do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), ou ben a través de material facilitado por asociacións de carácter privado, por exemplo, a “ACF O Fiadeiro”.

En canto á realización de novas entrevistas, eliximos xente protagonista no proceso de transmisión oral da música e cultura galegas; tanto mulleres importantes, como xente que iniciara o proceso de recuperación da cultura (a través das denominadas “recollidas<sup>2</sup>”). Cada unha das entrevistas estivo adaptada ao contexto e ás persoas seleccionadas coa finalidade de poder sacar o máximo partido ás súas intervencións.

No referido ao traballo etnográfico, empregamos a metodoloxía das entrevistas etnográficas ou semiestruturadas, entendendo por tal, aquelas que se caracterizan por ser unha “entrevista aberta na que intentamos que afloren testemuñas persoais arredor dunha temática ou temáticas concretas sobre as que estamos investigando” (Marín, 2020), e que así nos permitan acadar os obxectivos e información exposta para a nosa investigación pero, ao mesmo tempo, permitan ás entrevistadas a introducir todos aqueles datos e cuestións que consideren relevantes. As entrevistas foron realizadas, por unha banda, ao grupo de pandereteiras da zona de Lordelo, e por outra banda, a Xerardo Santomé, unha figura especializada no ámbito da antropoloxía cultural e no traballo de campo. Todas deron o seu consentimento tanto para o uso da información obtida como para a publicación.

<sup>2</sup> Poderían definirse como a realización de traballo de campo por persoas non especializadas e que teñan como obxectivo principal compilar material audiovisual e información relacionada coa música e o baile tradicional. (López, 2021)

O proceso de realización das entrevistas contou cunha serie de pasos que podemos estruturar do seguinte modo<sup>3</sup>:

1. Contacto coas persoas seleccionadas para a comunicación dos obxectivos da entrevista e a investigación.
2. Envío dun documento sobre a cesión de datos para a súa lectura e posterior firma.

3. Realización da entrevista cos métodos acordados para a súa gravación.

4. Transcrición literal da entrevista de acordo coa publicación de Beaud (2018),

*El uso de la entrevista en las ciencias sociales.*

5. Por último, realízase unha codificación e análise dos datos.

4. A música tradicional e a cultura galega

1. **¿Que é a música tradicional?**

O concepto de “tradicional” evolucionou moito ao longo da historia, marcado, principalmente, polas diferentes historiográficas preponderantes, fundamentalmente historicismo e positivismo. “A cultura tradicional como categoría teórica é o resultado da ollada cultural oficial sobre as culturas marxinais”<sup>4</sup>.

Así pois, partimos da idea que a tradición garda unha estreita relación co denominado “auténtico”<sup>5</sup> (entendido isto coma algo inherente á unha cultura determinada), pero

¿Que entendemos por música tradicional?

---

<sup>3</sup> Beaud, S. (2018). El uso de la entrevista en las ciencias sociales. En defensa de la entrevista etnográfica. *Revista Colombiana de Antropología*, 54(1). <https://doi.org/10.22380/2539472x.388>.

<sup>4</sup> Arquivo Sonoro de Galicia (2004). *Actas I, II e III Encontros o Son da Memoria. Ciencia, vida e memoria Oral*. Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia.

<sup>5</sup> Autenticidad se refiere a la calidad de ser genuino y veraz, manifestándose a través de las características específicas de un bien cultural, permitiendo que estos expresen valores culturales verídicos e íntegros." (Documento de Nara sobre la Autenticidad, 1994).

Segundo López (2021)<sup>6</sup>, a música de tradición oral é aquela que, como o seu nome indica, se transmite mediante transmisión oral e sen soportes físicos. Ademais, esta música relaciónase cunha comunidade social específica.

Segundo Randel<sup>7</sup>, a música de tradición oral é aquela que, como o seu nome indica, se transmite mediante transmisión oral e sen soportes físicos, tales como partituras. Ademais, esta música relaciónase cunha comunidade social específica.

Existe moita discrepancia sobre toda a terminoloxía relacionada coa oralidade, a tradición e transmisión oral. Mais podemos establecer que todas as definicións parten dunha base común, a parte cultural e histórica inherente a cada sociedade e a interacción da mesma cos propios protagonistas.

## **2. A importancia da música tradicional na cultura rural**

A cultura e a música son dúas ramas que están intrinsecamente relacionadas e, no caso concreto da tradición galega, teñen un vínculo moi forte. Non se pode entender a cultura galega sen a música porque a música é fundamental e básica no imaxinario galego. "Para aqueles que viven en sociedades tradicionais a vivencia da cultura é algo inmediato, constitúe o medio natural no que a existencia social e individual se desenvolven"<sup>8</sup>. É dicir, se entendemos todo o contexto externo que rodea á sociedade, neste caso de corte rural, poderemos chegar a comprender porqué a música tradicional ocupa un lugar tan especial na cultura e no imaxinario da cultura galega.

---

<sup>6</sup> López Fernández. (2021). *A recompilación de música e baile de tradición oral en Galicia: as recollidas*.



Digilec, 8, 36-52.

7 Randel, D. M. (ed.) (1997). Diccionario Harvard de música. Versión española de Luis Carlos Gago.

Madrid: Alianza Editorial.

8 Arquivo Sonoro de Galicia (2004). *Actas I, II e III Encontros o Son da Memoria. Ciencia, vida e memoria Oral*. Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia.

### **3. A memoria**

O termo «memoria colectiva» foi acuñado polo sociólogo francés Maurice Halbwachs no seu libro de 1950 *Les cadres sociaux de la mémoire* (*Os marcos sociais da memoria*). Halbwachs sostíña que a memoria non é simplemente un proceso individual, senón que tamén está moldeada por factores sociais.

A memoria colectiva é, por tanto, a memoria compartida dun grupo de persoas. É a suma dos recordos dos individuos que compoñen o grupo, pero tamén é máis que iso. É unha construción colectiva moldeada polas normas sociais e culturais do grupo. A memoria colectiva é importante por varias razóns. Axuda a definir a identidade dun grupo e a darlle a esta un sentido de continuidade no tempo.

Na actualidade atopámonos cunha dobre acción que se produce de xeito simultáneo. Por unha banda, un proceso de estandarización e esquecemento marcado polas tendencias globalizadoras, onde o estrato máis potente é o que se impón sobre os demais; e, por outra banda, un proceso, de moita menor entidade, de recuperación e conservación daqueles estratos de “menor” relevancia na actualidade que adoitan estar relacionado con toda aquela información do pasado inherente ás culturas de carácter máis rural. Culturas nas que a memoria ocupa un lugar moi importante para o seu imaxinario.

### **4. A importancia dos seráns e foliadas e do traballo de campo**

Unha parte enormemente importante de todo o imaxinario e cultura e tradición galega ten a súa maior exposicións nas festas populares: “seráns, foliadas, polavilas...”, é dicir, aquelas festas onde, co obxectivo de socializar, utilízanse a música e o baile como elementos centrais da reunión<sup>9</sup>.

---

<sup>9</sup> Lisón, C. (1983). *Antropología cultural de Galicia*. Akal Editor.

Esta palabra (serán) ten moito transfondo no ideario galego, referíndose ao lugar onde máis desenvolvemento tivo a música tradicional galega no rural e que máis tarde tivo o seu papel no contexto urbano.

Foron os seráns un punto de inflexión para o comezo do proceso de recuperación da cultura e músicas do país. Xa nas décadas finais do pasado século, nos anos 80 e 90, comezáronse a facer traballos de campo para poder conservar todo o folclore e música tradicionais que estaban espallados polas aldeas, as denominadas *recollidas*.

As recollidas realizadas en Galicia a partires dos 70 e 80, e con especial forza durante os 90, poderían definirse como a realización de traballo de campo por persoas non especializadas e que tiñan como obxectivo principal compilar material audiovisual e información relacionada coa música e o baile de tradición oral. Un traballo de campo que ten adxunto un potente factor emocional ligado a todo proceso.

## **5. A Galiza rural dende a perspectiva da figura da muller.**

### **1. A muller e o traballo no rural. A economía de subsistencia.**

A ruralidade e as mulleres son dous conceptos que gardan unha estreita relación no contexto galego. Non se pode entender Galiza sen o rural, e, non se pode entender o rural sen a figura da muller.

O concepto de economía de subsistencia refírese a aquel sistema económico onde a produción se destina principalmente á satisfacción das necesidades inmediatas do produtor e súa familia ou comunidade<sup>10</sup>.

---

10 Gómez, L. F. (2009): *Economía de Subsistencia y/o autonomía alimentaria*. México: Nostra Eds., 9.

Na Galiza preindustrial, e xa industrial, o principal sustento familiar era o traballo agrícola, unha actividade que non permitía ter excedentes para poder comerciar, traballo que era realizado principalmente polas mulleres no contexto familiar por causas diversas, xa fose o traballo por parte do home fóra da casa, ou, pola emigración, proceso moi importante nesta época en Galiza. O traballo feminino foi fundamental para a supervivencia do núcleo familiar así como para o mantemento dos fillos, que tiñan tamén unha importante carga de traballo no que se refire ás tarefas domésticas e agrícolas.

A prolongada ausencia da figura masculina fixo que a figura da muller no ámbito doméstico e público fose evolucionando cara unha “emancipación” do vínculo intrínseco que tiña da figura masculina. Mais a relación entre ambas seguía a estar estreitamente ligada e coa preponderancia da masculina e o réxime de patriarcado.

A responsabilidade da muller no serán

Outro dos aspectos nos que hai que destacar a figura da muller é no ámbito social. A pesares de que non aparecen como as principais protagonistas dos eventos; elas son as que se encargan de organizalos e facelos.

O único momento de lecer que tiñan as mulleres é cando se facía o serán ou foliada, que era cando salían tanto mozos coma mozas a desfrutar das festas despois de traballar. Era o único

momento onde as mulleres podían ter algo de liberdade, onde podían cantar, tocar e bailar, xa fora con homes ou entre elas mesmas.

O ámbito social onde máis se desenvolveu este papel organizador e principal da muller

---

foi no serán. Elas eran as encargadas de organizar a festa, e tamén de animala. Os homes non tiñan responsabilidade ningunha máis que ir bailar e a mocear.

A figura materna na aldea

En Galiza as mulleres sempre tiveron un peso moi grande na sociedade tradicional, como mulleres, pero sobre todo como nais. O seu papel foi fundamental posto que, na meirande parte dos casos, debido á ausencia do home no fogar, tiveron que converterse na figura de autoridade (cabeza de familia) e criar aos fillos e as fillas por si mesmas, todo ilo a maiores de traballo na propia casa e o remunerado fóra do fogar.

Xa dende idades moi temperás, os roles de xénero estaban moi marcados no ámbito familiar. As fillas eran as encargadas de cociñar, limpar ou da parte rrlstiva á Igrexa e relixión, mentres que os fillos eran educados nos traballos pesados e de campo. Mais a pesares destes roles tan marcados, as mulleres víronse obrigadas a cumprir os roles masculinos debido á súa ausencia.

Con todo, o papel principal das mulleres no ámbito rural e tradicional era a maternidade. Naquela época, os roles de xénero estaban moi definidos, e as mulleres eran principalmente responsables das tarefas domésticas e da crianza dos fillos e fillas, actividades que ocupaban a maior parte da súa vida.

## 2. Concepto de “matria”

O concepto de matria non aparece recollido na RAG, onde só aparece o significado de patria<sup>11</sup>. Polo xeral este vocábulo adoita empregarse en campos como a antropoloxía ou nos estudos de xénero. Aínda que non é un termo amplamente utilizado, hai autores que o empregaron nas súas publicacións. Por exemplo, Isabel Allende no seu ensaio *El uso de la palabra*

publicado no ano 2000, onde concibe "matria" como un neoloxismo derivado da palabra "patria".

---

<sup>11</sup> Segundo a RAG: Nación á que se pertence ou á que se ten o sentimento de pertencer.

Pero no caso galego, a palabra *matria* e *matriarcado*, sufriron un proceso paralelo de mitificación xa dende o século do Rexurdimento con grandes figuras como Rosalía de Castro o Emilia Pardo Bazán.

La fuerte presencia de la mujer en el imaginario nacional tuvo como consecuencia la falsa valoración de su poder social llevando incluso en el caso de Galicia y el País Vasco a la creación del mito del matriarcado... Aun así, en ambas regiones esta situación<sup>12</sup> derivó en lo que se ha bautizado como el “mito del matriarcado” (Boguszewicz & Gajewska, 2020)<sup>13</sup>.

É dicir, inda que si é certo que hai unha clara e moi importante presenza da muller no imaxinario galego, non é acertado afirmar que existe un matriarcado como tal en Galiza. Este mito, que afectou de forma negativa á situación real das mulleres galegas e que foi desmentido por autoras como María Xosé Agra: “Isto está desmentido. Non hai ninguén hoxe que poida soste que en Galicia houbo matriarcado. Iso formou parte da mitificación que se quixo facer da muller galega como muller forte”<sup>14</sup>. (*apud* Fente 2010: 385)

A modo de conclusión podemos dicir que o concepto de matria segue a ser bastante ambigüo no imaxinario. Concretamente no caso galego poderíamos definila como aquel sentimento de pertenza á un lugar ou nación, pero partindo dende unha perspectiva de xénero, é dicir, onde a figura central de identidade do lugar ou do propio concepto é a figura feminina. Neste caso, ligada á enorme importancia das mulleres no propio imaxinario galego como artistas centrais de propio concepto de pertenza a Galicia como nación con identidade propia.

---

<sup>12</sup> Ausencia masculina no fogar

<sup>13</sup> Boguszewicz, M., & Gajewska, M. A. (2020). *El matriarcado gallego, el matriarcado vasco: revisión del mito en «Matria» de Álvaro Gago y «Amama» de Asier Altuna*. *Madrygal*, 23, 35-50. <https://doi.org/10.5209/madr.73603>.

<sup>14</sup> Fente, E. (2010). *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*. Santiago de Compostela. Alvarellos.

## 6. Casos de estudo

Neste apartado desenvolverase unha análise das dúas entrevistas realizadas co obxecto deste traballo. Levarase a cabo unha división por diferentes temas abordados nas entrevistas onde, en cada apartado, haberá un resumo das respostas, unha comparación e análise, e, unha interpretación final de cada temática. Todo ilo rematado cunhas conclusións xerais sobre cada unha das entrevistas.

A primeira das temáticas que se aborda nas entrevistas é o **papel da muller no ámbito doméstico**. O resumo que podemos sacar das diferentes respostas é que as mulleres eran as cabezas do fogar debido á emigración dos homes; ao seu regreso, elas continuaban exercendo o mando.

“**Lina:** Eu penso que mandaba a nai, así, porque eles estaban fóra... Cando viña... Cando viña mandaban, claro. Mandaban, pero bueno, máis mandaba ela porque era que estaba máis permanentemente alí, entón era ela que, aínda que o disimulaban un pouco... O que pasa que xa deixaban, como era a que xa sempre, nunca lle quitaron ese mando, xa sempre deixaron.”

“**Lola:** Meu pai non servía para gobernar, quen gobernaba era miña nai... Os propios homes dicían, aí quen manda é ela.”

Outra das temáticas abordadas nas entrevistas é o **machismo (sexismo) no sociedade**. Onde o resumo que obtemos das respostas é como a sociedade impuxo roles de predominancia masculina, priorizando sempre aos homes sobre as mulleres.

“**Lina:** Xa era naquel tempo era así. Era así. Éramo-las propias mulleres que facíamos que fora así. Porque ibas para a labrada, e iban os homes que andaban co ghando. Todo o millor era para os homes, as mulleres nada... Eran as propias mulleres que enfacían o tema, eu non lle boto á culpa ós homes [...] De feito

dábanlle a cena aos homes, e as mulleres no. As mulleres marchabas, acababas de labrada, e viñaste para túa casa. E aos homes inda que lle había que facer a cena e cenaban...”

“**Lola:** Me refiero a eso que daquela, os homes, se collían un cesto ou lavaban os platos ou algo, eran mal vistos. Eran mal vistos”

análise resultante é que esta imposición sexista afectaba tanto nas relacións entre xéneros como nas relacións entre mulleres.

“**Xerardo:** A muller é crítica coa muller. Entón, son máis esixentes con elas que con eles [...] É un reflexo da época que lles tocou vivir.”

Así mesmo, a análise revela unha sociedade con fortes raíces machistas, onde as propias mulleres tamén perpetuaban estas imposicións, sendo moi críticas entre elas mesmas.

No relativo á **importancia da memoria para manter viva a historia**, as mulleres teñen a percepción de que teñen unha mellor memoria que os homes, destacando o factor emocional dos recordos.

“**Lola:** Porque se ti non tes unha historia e queres borrala, entonces é que ti non tuveches unha infancia boa ou unha historia boa. Se ti non queres recordar esa historia. Por exemplo, a mí me encanta recordar a historia miña. Porque eu tive unha infancia boa. Dentro da pobreza, pero unha historia boa [...] Á da haber de todo. Pero eu creo que sí. Que as muller teñen máis ralentín e teñen a memoria máis lixeira para dicir as cousas. Creo que máis espontánea.

“**Xerardo:** Creo que o feito basicamente está na propia esencia da muller... Postos a traballar tempo atrás ao home isto dáballe igual... Realmente se resumía en ir a traballar e en ir á

taberna. Pero a muller cando iba, se te analizas a unha Concha; a Concha é unha memoria prodixiosa e sabe cancións de moitos sitios, por que? Porque as mulleres o viven de outra maneira...”

A análise destes fragmentos é que a memoria das mulleres axuda a manter viva a historia e a cultura.

“**Xerardo**: A memoria individual é moi importante que, no caso da muller, é colectiva polo protagonismo que falamos. Pola súa forma de... Polo seu rol na sociedade. Se ti analizas onde a muller sale dese espacio, é para iso, e se mezcla con outros congéneres.”

Así pois, a memoria feminina<sup>15</sup> é crucial para a preservación da historia, especialmente debido ao seu papel central na vida comunitaria.

A seguinte temática que se considera nas entrevistas é **a importancia da figura da muller para a historia de Galicia e a música tradicional**. A síntese é que as mulleres foron organizadoras de eventos e as recollidas facíanse nas súas casas.

“**Lina**: Hombre! Si, que son importantes. Nese caso os homes tamén. Pero eu penso que as muller que quizá máis [...] De feito, agora está que non había nada. Hasta fai poucos anos atrás... Xa fai. Xa fai que empezamos. Xa estaba casada.

Pero agora vai moito mais. Agora vai moi evolucionada. O primeiro que empezou por aquí foi o Domingos coas de Ermida.”

---

<sup>15</sup> Entendida esta memoria como individual, posto que o concepto de memoria colectiva é algo descoñecido para elas; mais o propio desenvolvemento da entrevista deu lugar ao propio desenvolvemento do concepto de memoria colectiva



“**Xerardo:** O papel importante dos seráns, que organizan elas, é como unha relación social, moitas se casaron nos seráns, sobre todo con aqueles que bailaban ben no caso de Concha e de moitas. Pero realmente quen mandaba nos seráns eran as mulleres, os homes viñan outros pobos... Pero si que hai un papel na muller que si que é importante”

A análise destes fragmentos é que o papel social das mulleres foi fundamental na organización e preservación das tradicións culturais.

“**Xerardo:** Pero teñen un papel moi activo dentro da recuperación, porque é sabido dentro do mundo dos gaiteiros tamén teñen o seu papel, porque moitas desas mulleres son as que se acordan das melodías. E a veces estás falando con o marido. E aquela... É dicir, son... Igual que guardan a esencia do pobo galego. É un papel de género moi importante... Claro, como falábamos ao principio. É un tema de visibilidade. De empoderamento [...] E logo a competencia, claro, a competencia é moi importante os señores competían no baile, no mesmo serán, pero as mulleres competían co serán do lado, porque é un problema de protagonismo tamén, sabes? Gardan tamén a esencia do propio pobo ó que

pertenecen”

Así pois, as mulleres non só eran gardiás da cultura e tradición, senón que tamén eran líderes comunitarias na organización de eventos culturais.

Finalmente, a última das temáticas que se aborda nas entrevistas é a **música e tradición como partes complementarias e indisolubles da historia**. O resumo é que a música e a tradición son elementos inseparables na historia de Galicia.

“**Xerardo:** eu creo que a transmisión oral en todo aspecto de Galicia, en todo aspecto de Galicia é fundamental porque, repito, que a frase eu repito moito, nadie vai vir a meu pobo a facer a miña historia [...] Loxicamente, a música tradicional hai que entendela como un elemento máis da nosa identidade. Que nos pode descubrir outros campos? Si, pero é un elemento máis, e incluso cousas máis importantes que a propia música... O que non podemos ser é ser

desherdados.”

A análise destes fragmentos é a percepción dos entrevistados de que a relación entre a música e a tradición reforza a identidade cultural galega. Así pois, a conservación da música tradicional é esencial para a preservación da historia e cultura galega.

## 7. Conclusións

No relativo aos obxectivos específicos podemos sacar varias conclusións:

- Puidemos facer unha recompilación e balance bibliográfico bastante completo sobre todas aquelas publicacións relativas á figura das mulleres no contexto tradicional galego, así como complementala con outras publicacións acordades á temática feminista e da perspectiva da propia oralidade e música tradicional; o que nos permitiu poder establecer unha boa base para unha análise completa en diferentes campos deste traballo.
- Así mesmo, puidemos facer unha recompilación moi satisfactoria sobre todo o material relativo a arquivos non bibliográficos como entrevistas ou, mesmamente, recollidas de campo onde se trata toda a temática da oralidade, perspectiva de xénero e cultura e historia galegas.
- Todo ilo, permitiunos realizar unha síntese sobre toda a información recompilada que nos posibilitou poder establecer un perfil histórico xeral da figura da muller no rural dende a perspectiva da historia oral.
- Unha síntese que deu lugar a unha serie de conclusións sobre a relevancia da figura feminina na historia social, na historia da vida rural galega e no proceso de transmisión oral, tanto de costumes e tradicións, como de material fundamental para a historia musical de Galiza. Unha serie de conclusións que se expoñen a continuación de forma moito máis específica.

Tras a análise das diferentes partes e temáticas das entrevistas podemos establecer que, pese ao reducido número de entrevistas realizadas, estas aportan algúns aspectos significativos do papel da muller na sociedade e cultura galega, revelando tanto avances como desafíos persistentes na súa loita pola igualdade e seu recoñecemento.

Evolución dos roles de xénero no ámbito doméstico:

- Obsérvase un cambio significativo na distribución das tarefas domésticas, cunha maior participación masculina nas tarefas tradicionalmente femininas.
- As mulleres asumiron un papel de liderado no fogar durante a guerra civil, posguerra e consecuente emigración, o que contribuíu a unha redefinición dos roles de xénero.

Persistencia do machismo na sociedade:

- A sociedade galega histórica estivo marcada por roles de xénero de predominancia masculina, afectando as relacións entre homes e mulleres.
- O machismo non só se manifestaba nas interaccións entre homes e mulleres, senón tamén entre as propias mulleres, perpetuando a crítica e a imposición de normas sociais.

Importancia da memoria e das emocións nas mulleres:

- As mulleres destacan pola súa memoria emocional, salientando a importancia dos recordos e vivencias persoais.
- A memoria individual ten unha dimensión colectiva fundamental, xa que as mulleres desempeñaron un papel central na transmisión da historia e cultura galega a través das xeracións.

- A súa capacidade para recordar e transmitir emocións converte ás mulleres en gardiás da memoria colectiva e da identidade cultural galega.

Papel fundamental da muller na historia e música tradicional:

- A muller non só foi crucial no ámbito doméstico, senón tamén como organizadora de eventos culturais e preservadora das tradicións musicais.
- As recollidas de música tradicional galega realizáronse principalmente nas casas das mulleres, evidenciando o seu papel social e cultural.
- A música e a tradición son elementos indisolubles da identidade cultural galega, e as mulleres xogaron un papel fundamental na súa conservación e transmisión.

Os resultados subliñan a necesidade de traballar dende diferentes perspectivas:

**Socialmente:** É crucial promover a igualdade de xénero en todos os aspectos da vida, abordando tanto o sexismo exercido polos homes como o que se produce entre as propias mulleres. A concienciación sobre estas **dinámicas** é fundamental para avanzar cara a unha sociedade máis xusta e equitativa.

**Cultural e historicamente:** É necesario preservar e valorar a memoria feminina, recoñecendo o papel fundamental das mulleres na construción da historia e cultura galega.

**No eido da investigación e as políticas públicas:** É preciso desenvolver políticas inclusivas que promovan a igualdade de xénero e o recoñecemento do papel das mulleres.

En síntese, intentar abrir un camiño para un maior entendemento da muller na sociedade e cultura galega. Ao visibilizar as súas achegas e desafíos, podemos avanzar cara a unha sociedade máis xusta, equitativa e culturalmente rica. As mulleres galegas son depositarias dunha rica herdanza cultural e histórica, e o seu recoñecemento e empoderamento son claves para o futuro de Galicia.

## BIBLIOGRAFÍA

- Sonoro de Galicia (2004). *Actas I, II e III Encontros o Son da Memoria. Ciencia, vida e memoria Oral*. Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia.
- Bartok, B. (1997). *Escritos sobre música popular*. México: Siglo XXI.
- Beaud, S. (2018). El uso de la entrevista en las ciencias sociales: En defensa de la entrevista etnográfica. *a 54(1)*. <https://doi.org/10.22380/2539472x.388>.
- Boguszewicz, M., & Gajewska, M. A. (2020). *El matriarcado gallego, el matriarcado vasco: Revisión del mito en «Matria» de Álvaro Gago y «Amama» de Asier Altuna*. *Madrygal*, 23, 35-50. <https://doi.org/10.5209/madr.73603>.
- Casares, A. M. (2006). *Antropología del género: culturas, mitos y estereotipos sexuales*. Universitat de València.
- García, S. M. R. (2009). *T xfn y c u c : exemplo de la Galicia moderna*. *Manuscrits*, 27, 77-99. <https://ddd.uab.cat/pub/manuscrits/02132397n27/02132397n27p77.pdf>.
- L. F. *Economía de Subsistencia y/o autonomía alimentaria*. México: Nostra Eds., 2009.
- Fernández, H. (2009). *Género y Nación. La construcción de un espacio literario*. Barcelona: Icaria.
- Fente, E. (2010). *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*. Santiago de Compostela. Alvarellos.
- Lisón, C. (1983). *Antropología cultural de Galicia*. Akal Editor.
- López, C. (2021). *Perspectiva de xénero na tradición galega: o rol feminino na música de tradición oral*. En R. Chao-Fernández, F. C. Rosa-Napal, A. Chao- Fernández, C. Gillanders, & R. M. Vicente Álvarez (Eds.), *Actas del III Congreso Internacional de Música y Cultura para la Inclusión y la Innovación* (A Coruña,

27-29 de mayo de 2021) (pp. 40-44). Universidade da Coruña.

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498050>.

López, C. (2021). *A recompilación de música e baile de tradición oral en Galicia: as recollidas*. Digilec, 8,

36-52. <https://doi.org/10.17979/digilec.2021.8.0.8658>.

López, C. (2022). *Roles de género en la música tradicional gallega*. Human Review, 11 (Monográfico),

1-8. <https://doi.org/10.37467/revhuman.v11.4122>.

Randel, D. M. (Ed.) (1997). *Diccionario Harvard de música*. Versión española de Luís Carlos Gago. Madrid: Alianza Editorial.

Santomé, X. (2002): *Concha de Lameda. A vida nunha cantiga*. Pontevedra. Asociación Folclórica de Gaiteiros da Xistra.

Siebert-Sio, H. (2023): *Las pandereteiras en Galicia y su protagonismo en el mundo rural*. Trabajo de Final de Estudos. Conservatorio Superior de Música das Illas Baleares. España.